



## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ACADEMIA XACOBEO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Academia Xacobeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Academia Xacobeo para a realización de actividades culturais.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características. A Academia Xacobeo é unha institución de carácter singular en Galicia pola súa misión exclusiva: investigar, protexer e divulgar o fenómeno do Camiño de Santiago e o mundo xacobeo nas súas múltiples vertentes, unindo o eido científico, literario e artístico coa identidade cultural galega. O Camiño de Santiago non é só un itinerario, senón o maior fío condutor da historia, a arte e a espiritualidade de Galicia. A Academia funciona como motor principal na preservación e difusión destes valores. A promoción, estudo e preservación do Camino de Santiago e a cultura xacobeo son considerados obxectivos de incuestionable interese xeral e proxección internacional. A colaboración coa Academia Xacobeo aporta un valor incalculable ao patrimonio histórico, turístico e cultural da comunidade.*

*Por todo o anterior é a Academia Xacobeo a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

